

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **ENTIDADE LOCAL MENOR DE PAZOS DE REIS (TUI)**

##### **Poxas**

##### *SUBASTA APROVEITAMENTO FORESTAL*

##### *EDICTO*

##### *SUBHASTA DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS*

Por acordo da Xunta veciñal de 05/10/2020 foi aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeran a subhasta por procedemento aberto para o alleamento de aproveitamentos forestais que se indican; e simultaneamente, anúnciase a súa subhasta; e mediante o presente edicto exponse ó público a citada documentación polo prazo de 8 días naturais, ós efectos de alegacións, abríndose do mesmo xeito e de forma simultánea o prazo para a presentación de propostas polos contratistas, se ben a contratación poderá quedar en suspenso á vista das reclamacións ou alegación que poidan presentarse.

- 1.- Entidade adxudicataria.-Xunta veciñal da entidade local menor de Pazos de Reis (Tui)
  - 2.- Obxecto do contrato .-Alleamento de lotes de aproveitamentos forestais mediante subhasta, que se indican:
    - Expte 3605519400002, de 1.060,73 m3 e 643 pes de Pinus pinaster; prezo base de 32.373,48 € e 40.466,85 € de prezo índice. Cunha taxa de 403,24 €. Prazo de execución 12 meses
  - 3.- Lugar de execución: Monte Outeiro do Nuño e Fontenla num 526/529 de UP.
  - 4.- Prazo de execución: O apeo deberá estar ultimado ós doce meses, contados dende a data da acta de entrega.
  - 5.- Tramitación: Ordinaria; procedemento: aberto; e forma de adxudicación: Subhasta.
  - 6.- Tipo á alza.- Os lotes mencionados teñen como mínimo o prezo base sinalado, reservándose a entidade os dereitos establecidos no 270 do seu Regulamento de Montes, no caso de que non alcancen o prezo índice.
  - 7.- FIANZAS: Provisional: 5% prezo base de cada lote; e definitiva: do 10% do prezo do remate.
  - 8.- PROPOSICIÓNS: Presentaranse por separado para cada lote na Secretaría dentro dos quince días naturais seguintes ó da publicación deste edicto no BOP, ata as 20 horas; se o remate do prazo non coincidira en día laborable pasarase ó seguinte día hábil.
- As plicas serán abertas o día seguinte hábil do remate da súa presentación ás 20:00 hs na sé da entidade.
- 9.- GASTOS: Tódolos gastos, impostos, taxas, permisos, etc.. serán a cargo do adxudicatario.



Mércores, 21 de outubro de 2020

Núm. 203

*MODELO DE PROPOSICIÓN*

D..... domiciliado en .....  
..... en nome propio ou en representación de.....  
enterado do prego de condicións e do anuncio de subhasta para alleamento do aproveitamento forestal da Entidade Local Menor de Pazos de Reis, fai constar:

1º Ofrece polo lote que corresponde ó exp. nº.....de..... árbores, a contía.....€  
(en número e en letra).

2º Que está en posesión da documentación que esixe o prego de condicións e a lexislación vixente.

3º Que acepta cantas obrigas se deriven do prego de condicións.

4º Que achega xustificante de ter constituída a fianza provisional e demais documentos esixidos.

5º Que declara non atoparse incurso en ningún dos casos de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración Local e así como de estar ó corrente nas obrigas fiscais e da S.S.

En Pazos de Reis, a documento asinado dixitalmente

O Presidente

